

dentes dilixencias de cesamento e toma de posesión.

Quinto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, perante o xulgado do contencioso-administrativo competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2009.

P.D. (Orde 20-5-2009)

Valeriano Martínez García

Secretario xeral da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

#### ANEXO

Apelidos e nome: Cimadevila García, Natalia.

NRP: 3325995846 A2060.

Grupo: A.

Denominación do posto de traballo: secretario/a.

Código: VP.A01.00.000.15770.027.

Corpo/escala: xeral.

Nivel: 30.

Dependencia: Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

Localidade: Santiago de Compostela.

Apelidos e nome: López García, María Begoña.

NRP: 7636426924 A2059.

Grupo: C2.

Denominación do posto de traballo: secretario/a (director/a).

Código: VP.A01.00.000.15770.001.

Corpo/escala: xeral.

Nivel: 18.

Dependencia: Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

Localidade: Santiago de Compostela.

*Resolución do 6 de novembro de 2009, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convoca a provisión, de forma temporal e por petición do interesado, de postos de traballo nos órganos de nova creación entre funcionarios dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.*

A Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial (LOPX), modificada pola Lei orgáni-

ca 19/2003, do 23 de decembro, regula no seu artigo 527.1º a provisión temporal de postos vacantes mediante a comisión de servizos mentres non resulte posible a súa provisión definitiva mediante concurso de traslados.

Coa finalidade de dotar os cadros de persoal dos órganos xudiciais de nova creación, que entrarán en funcionamento o 30 de decembro de 2009, procede anunciar a súa provisión temporal co obxecto de que os funcionarios interesados poidan solicitar as oportunas comisións de servizos mentres non se convoque o concurso de traslados para a súa provisión.

Daquela, en aplicación das competencias que lle corresponden a este órgano consonte o artigo 20.1º do Estatuto de autonomía de Galicia, en relación co Real decreto 2397/1996 sobre transferencia a esta comunidade de medios persoais para o servizo da Administración de xustiza, co artigo 525 da LOPX e mais co Decreto 303/2009, do 21 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,

#### DISPOÑO:

Primeiro.-*Obxecto.*

O procedemento e a convocatoria teñen por obxecto posibilitar a provisión de forma temporal, mediante comisión de servizos, dos postos de traballo reservados aos funcionarios integrantes dos corpos nacionais de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial que dependen da Comunidade Autónoma de Galicia que se indican no anexo I.

O cadro de persoal de cada órgano xudicial está pendente de aprobación, polo que o número de postos convocado pode ter modificacións.

Segundo.-*Solicitantes.*

Poderán solicitar as comisións de servizos, con exención de funcións nos seus postos actuais, os funcionarios de carreira dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza con destino en órganos radicados en Galicia en situación de servizo activo e que estean prestando efectivamente servizos en xulgados, tribunais ou fiscalías.

Terán preferencia na selección os funcionarios aos cales non lles adxudica praza no último concurso de traslados do 10 de marzo de 2009 nin se atopen en comisión de servizos ou substitución entre titulares.

Terceiro.-*Solicitudes.*

Os interesados deberán presentar unha instancia axustada ao modelo que se xunta como anexo II a esta resolución. Na solicitude deberanse enumerar, por orde de preferencia, as unidades e localidades que se solicitan. Canda a solicitude haberá que acherugar unha copia cotexada da certificación ou diploma que acredite o coñecemento da lingua galega.

**Cuarto.-Informe.**

A solicitude sinalada no punto anterior deberase remitir co visto e prace do superior funcional (secretario xudicial, fiscal xefe ou director/subdirector do Imelga). Unha vez realizada a baremación, solicitaráselle ao superior funcional informe dos funcionarios que teñan opcións ao traslado en comisión, en relación coas necesidades do servizo.

**Quinto.-Lugar e prazo de presentación de solicitudes.**

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco días hábiles desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Como requisito imprescindible, as solicitudes anticiparanse por fax á dirección xeral (fax 981 54 62 22) para axilizar a súa tramitación.

Ademais, as solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Xustiza (praza de Europa, 5A - 4º, 15781 Santiago de Compostela) e poderanse presentar nos rexistros administrativos da Xunta de Galicia ou de calquera das formas previstas no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As que se presenten nas oficinas de correos enviaranse por correo certificado, para o cal se presentarán nas citadas oficinas en sobre aberto co obxecto de ser datadas e seladas polo funcionario de correos antes de seren remitidas. Os solicitantes deberán enviar a solicitude que teña o selo da oficina de correos, sen que poidan admitirse as instancias que non cumpran este requisito pasado o prazo de presentación.

**Sexto.-Duración das comisións de servizo, criterio para a súa concesión e dereitos do comisionado.**

As comisións de servizos para as prazas ofertadas no anexo I comezarán o día 30 de decembro de 2009, data de entrada en funcionamento dos novos órganos xudiciais, e a súa duración será ata a adxudicación das prazas mediante concurso de traslados.

A selección e adxudicación das comisións de servizo farase segundo a orde de preferencia fixada polo solicitante na súa instancia e con base na maior puntuación obtida cos mesmos criterios ca nun concurso de traslados: antigüidade e nivel de linguaxe xurídica.

A provisión temporal das prazas ofertadas concederase co carácter de comisións de servizos voluntarias.

A súa duración será ata a adxudicación das prazas mediante concurso de traslados, sendo o período mínimo de permanencia na comisión de servizos de seis meses e non se admitindo renuncias mentres non transcorra este período.

Os funcionarios que se atopen en comisión de servizo conservarán o seu posto de orixe e terán dereito ás retribucións complementarias do posto que desempeñen.

**Sétimo.-Publicación de listaxes provisionais e definitivas.**

Tras se recibiren todas as instancias e se realizar a súa baremación, publicarase na intranet xudicial e mais na páxina web da Xunta de Galicia unha listaxe coas puntuacións de todos os solicitantes, así como tamén as adxudicacións provisionais con base nas ditas puntuacións, co fin de que no prazo de tres días hábiles se poidan realizar alegacións por fax. Transcorrido este prazo, e á vista das alegacións efectuadas, procederase a publicar nos mesmos sitios a listaxe definitiva de adxudicacións.

**Oitavo.-Recursos.**

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o director xeral de Xustiza no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente no prazo de dous meses. Ambos os dous prazos contaránse a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2009.

Juan José Martín Álvarez  
Director xeral de Xustiza

**ANEXO I****Vacantes nos órganos xudiciais**

Corpo de xestión procesual e administrativa

Código do posto	Unidade	Localidade	Provincia	Nº prazas
1	Xulgado do Social número cinco	A Coruña	A Coruña	2
2	Xulgado de Primeira Instancia número cinco	Ferrol	A Coruña	2
3	Xulgado de Instancia número cinco	Lugo	Lugo	2
4	Xulgado Mercantil número tres de Pontevedra	Sede en Vigo	Pontevedra	2
5	Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número tres	Tui	Pontevedra	2

Corpo de tramitación procesual e administrativa

Código do posto	Unidade	Localidade	Provincia	Nº prazas
6	Xulgado do Social número cinco	A Coruña	A Coruña	4
7	Xulgado de Primeira Instancia número cinco	Ferrol	A Coruña	4
8	Xulgado de Instancia número cinco	Lugo	Lugo	4
9	Xulgado Mercantil número tres de Pontevedra	Sede en Vigo	Pontevedra	2
10	Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número tres	Tui	Pontevedra	2

Corpo de auxilio xudicial

Código do posto	Unidade	Localidade	Provincia	Nº prazas
11	Xulgado do Social número cinco	A Coruña	A Coruña	2
12	Xulgado de Primeira Instancia número cinco	Ferrol	A Coruña	1
13	Xulgado de Instancia número cinco	Lugo	Lugo	1
14	Xulgado Mercantil número tres de Pontevedra	Sede en Vigo	Pontevedra	1
15	Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número tres	Tui	Pontevedra	2

## ANEXO II

## MÉRITOS ALEGADOS

NÚM. ESCALA:	COÑECEMENTO ORAL E ESCRITO DA LINGUA GALEGA:
ANTIGÜIDADE NO RESPECTIVO CORPO:	
	Curso de iniciación ____
	Curso de perfeccionamento __
	Curso básico de linguaxe xurídica ____
	Curso medio de linguaxe xurídica ____
	Curso superior de linguaxe xurídica ____

DNI	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO ACTUAL:			
UNIDADE DE DESTINO:			
LOCALIDADE :			
CORPO :			
Tfno. de contacto:			
DATA posesión do destino actual: Día ____/ Mes ____/ Ano ____/			
POSTOS SOLICITADOS SEGUNDO ORDE DE PREFERENCIA			
Orde de preferencia	Código do posto	Unidade	Localidade/Provincia
1			
2			
3			
4			
5			

, de de 2009

VISTO E PRACE DO SUPERIOR FUNCIONAL,

SINATURA: